

ÉTICA E FIOSOFÍA DO DEREITO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Interpretar e valorar a liberdade e socialidade como determinantes da estrutura moral específica do ser humano.
- Analizar criticamente procesos de socialización moral, identificando os diferentes axentes polos que operan.
- Distinguir entre moral e ética.
- Analizar a relatividade histórico-cultural dos valores e normas morais mantendo, en consecuencia, actitudes de tolerancia e respecto.
- Precisar e valorar as diversas variantes de lexitimación de valores e normas morais.
- Distinguir a dobre perspectiva de interpretación da funcionalidade dos códigos morais (*emic/etic*) e aplicala á análise crítica de valores e normas, tanto de culturas alleas como da propia.
- Identificar e detectar a *posible falacia naturalista* na argumentación ética.
- Distinguir a dobre dimensión, teórica e práctica, da razón e asumir a primacía da razón práctica como guía para a emancipación individual e colectiva.
- Definir os conceptos de heteronomía e autonomía moral así como os diversos graos ou estadios que se poden establecer dentro dos mesmos, valorando o nivel de desenvolvemento moral que comporta cada un dos estadios.
- Describir e analizar as limitacións e factores de distorsión da razón.
- Definir e valorar a noción de racionalidade dialóxica.
- Valorar e asumir os procedementos de debate e discusión comunicativo como forma superior de racionalidade práctica e tolerancia.
- Definir e precisar a noción de dereito nas súas diferentes acepcións, caracterizando os seus trazos diferenciáis fronte a moral, así como as relacións mutuas entre os seus respectivos ámbitos.
- Analizar, precisar e avaliar as distintas formas históricas de lexitimación do dereito.
- Analizar e avaliar as aportacións e limitacións do positivismo xurídico.
- Precisar a relación entre dereito e xustiza e valorar o dereito xusto como o único con verdadeira lexitimidade ética.
- Precisar os trazos definitorios do Estado democrático de Dereito.
- Analizar e avaliar as dificultades e limitacións da democracia real a luz do seu ideal moral regulativo.
- Coñecer diversas teorizacións da democracia e aplicalas á análise crítica das sociedades actuais.

- Desenvolver actitudes favorables á profundización e extensión da democracia.
- Precisar e matizar os diferentes planos de vinculación entre obrigación xurídica e obrigación moral, tanto en sociedades democráticas como non democráticas.
- Analizar as posturas de desobediencia civil lexítima e valoraras como manifestacións de actitudes morais críticas e como modos de contribuír o desenvolvemento dunha orde social máis xusta.
- Analizar e avaliar as diferentes modalidades de obxección de conciencia.
- Describir e analizar a xénese histórica da noción de dereitos Humanos e a problemática da súa fundamentación teórica.
- Analizar o alcance xurídico actual dos dereitos Humanos e a situación práctica da súa implantación real.
- Ser sensibles con respecto ás situacións actuais de violación de dereitos Humanos e manter actitudes solidarias cos que as sofren.
- Abrirse as novas sensibilidades morais que apuntan a posibles ampliacións e desenvolvementos das actuais Declaracións.

METODOLOXÍA

A materia de Ética e Filosofía do Dereito ten como obxectivo o desenvolvemento das estruturas de xuízo moral desde as que se poidan construír autónoma e dialóxicamente principios universais de valor. Para elo, é necesario partir dunha análise e revisión dos conceptos, prexuízos e valores asumidos acriticamente no seu proceso de socialización moral. Esta análise e revisión comportará un certo conflito cognitivo e un desequilibrio nos sistemas de coñecemento dos alumnos. Será precisamente a partir dese conflito cando se poderán inserir novas informacións e novas perspectivas para a reflexión.

Os adolescentes adoitan presentar modalidades de razoamento moral de tipo convencional, en concordancia cunha idade na que a identificación cos grupos sociais primarios (amigos, familia, grupos que comparten afeccións, etc.) é moi forte. Asemade, o seu nivel de desenvolvemento de razoamento moral está moi condicionado pola necesidade psicolóxica de seguridade propia desa idade, o cal tende a favorecer actitudes ríxidas de identificación con algún sistema de normas, sexan estas as vixentes no propio contorno social ou ben calquera outras alternativas incorporadas dogmáticamente como doutrina. As crisis desta moralidade convencional son infrecuentes nesta idade e, cando se dan, tenden facilmente a embocar en actitudes de escepticismo moral. É preciso, pois, unha acción planificada que impulse a dinámica de reorganización progresiva dos esquemas de coñecemento do alumnado que propicie os cambios estruturais que comportan as modalidades de razoamento post-convencional.

Para que esta reestructuración do coñecemento se produza será necesario aportar información teórica sistemática que se sinala nos

apartados correspondentes ós contidos conceptuais. Os diversos contidos organízanse, para a súa posta en práctica, en unidades coherentes en torno a temas que teñen sentido para o profesor e para os alumnos. Agora ben, a información deberá ser significativa tanto no seu aspecto lóxico como no epistemolóxico, o cal implica que deberá responder ás demandas cognoscitivas dos alumnos e axustarse á súa demanda.

A aprendizaxe significativa presupón, pois, unha intensa actividade por parte dos alumnos consistente en establecer relacións entre os novos contidos e os seus esquemas de coñecemento. Eles son, en último termo, os que constrúen o seu coñecemento, mediante unha actividade que é fundamentalmente interna e non simplemente exterior ou manipulativa. Sen embargo, esta actividade non a levan a cabo dun xeito individual, senón, máis ben, en interacción co profesor e cos compañeiros de aula. Unha metodoloxía coherente con estes supostos haberá de conceder, pois, grande importancia a:

- Os instrumentos que dinamizan o conflito cognitivo (discusión, debates, utilización de dilemas morais, cuestionarios, xogos de roles, etc.)
- As técnicas de reestructuración dos esquemas de coñecemento (mapas conceptuais, traballos de síntese, exercicios de contraste e autoevaluación entre concepcións iniciais e aprendizaxes posteriores, etc.)

Tanto uns coma outros inclúense nos apartados correspondentes ó contidos procedimentais.

Finalmente, a esixencia de funcionalidade que comporta a aprendizaxe significativa é, á súa vez, una esixencia da Ética e Filosofía do Dereito en canto saber práctico encamiñado a orienta-la conducta individual e colectiva. Os conceptos e nocións desenvolvidas na aprendizaxe ética adquiren pleno sentido na súa utilización e aplicación ás situacións reais e do contorno vivencial, contribuíndo isto, asemade, a esperta-la motivación.

É precisamente a idea de funcionalidade no seu sentido máis xenérico a que esixe contemplar como contidos de aprendizaxe non só os conceptos, senón tamén os procedementos, actitudes e valores. Pois non se acadará unha verdadeira mellora no nivel de razoamento moral polo simple feito de coñecer un catálogo de nocións e teorías éticas. Será necesario así mesmo que saiban facer aplicacións prácticas de tales conceptos e nocións ás situacións reais, para o cal deberán aprender técnicas e destrezas, como a capacidade de análise, transferencia, identificación, argumentación, reconstrucción, etc. E será preciso, sobre todo, que asuman e valoren a propia mellora do razoamento moral como unha necesidade para ser suxeitos morais libres e autónomos.

Este referente último actitudinal é xustamente o que debe presidir todo o tratamento didáctico da Ética e Filosofía do Dereito, evitando caer na casuística e na atomización dos problemas e buscando a coherencia de principios e criterios de valoración desde os que orienta-la acción individual e colectiva.

CONTIDOS

TEMA 1: A Ética. Conceptos xerais

a. Conceptuais:

- Establece-la diferenza entre Ética e Moral.
- Establece-la diferenza entre o "ser" e o "deber ser".
- Conceptos de Norma y Valor.
- concepto de determinismo e as distintas concepcións deterministas: Determinismo físico, biolóxico, psicolóxico, educacional, fatalista, relixioso.
- Argumentos indeterministas: psicolóxico, ético-jurídico, metafísico.
- problema da liberdade: "liberdade de" e "liberdade para".
- Ben. O problema do Fin e a búsqueda da felicidade: distintas concepcións teleolóxicas.

b. Procedementais:

- Utilización autónoma de materiais necesarios para a obtención de datos e informacións sobre pautas de conduta instintivas e culturais.
- Diálogo tratando de utilizar axeitadamente os termos na súa significación precisa superando o uso vulgar dos mesmos.
- Lectura e análise de textos.

c. Actitudinais:

- Actitude crítica fronte ó uso dos conceptos morais na vida cotidán.
- Interese pola ética en canto reflexión crítica sobre os códigos morais.

TEMA 2: A Ética Antiga.

a. Conceptuais:

- Orixe histórica da reflexión ética. Physis e Nomos: Necesidade e convención.
- O intelectualismo moral socrático fronte ó subjetivismo sofista.
- Variantes do intelectualismo moral:
 - O concepto de culpa en Platón.
 - A vontade en Aristóteles.
 - O epicureísmo e o estoicismo.

b. Procedementais:

- Análise de conflitos de valores tomados do contorno social do alumno e debate argumentativo sobre a preferibilidade duns valores sobre outros.
- Análise de textos das teorías éticas.
- Recoñecemento do valor da razón como medio para resolver a preferibilidade dunhas conductas sobre outras.
- Recoñecemento e identificación de posibles actitudes relativistas a hora de analizar e xulgar valores e normas de culturas.
- Lectura e análise de textos.

c. Actitudinais:

- Actitude reflexiva ante os valores e normas establecidos e interese pola análise das súas funcións e lexitimacións.
- Superación do subjetivismo extremo como xustificación para evitalo esforzo de reflexión sobre os temas morais.

TEMA 3: A Ética na Modernidade. A privatización da Ética.

a. Conceptuáis:

- Razón teórica e razón práctica: a independencia entre o coñecemento e a decisión moral.
- Diferenciar entre "explicación" e "xustificación".
- A distinción entre éticas formais e éticas materiais.
- Nocións de autonomía e heteronomía.
- A emancipación da autoridade e a redución da ética ó ámbito privado.

b. Procedementais:

- Recoñecemento de improntas conformadoras da conciencia moral a partir da socialización primaria, en casos prácticos.
- Análise e lectura comprensiva de textos.
- Identificación, a partir da autoanálise, do propio estadio de desenvolvemento moral.
- Valoración da racionalidade e da liberdade como condicións necesarias para unha conducta moral autónoma.

c. Actitudinais:

- Distinción entre conductas morais autónomas e heterónomas, a partir de casos prácticos.
- Identificación, caracterización e xerarquización de diferentes estadios de desenvolvemento moral en casos prácticos.
- Aprecio da dimensión práctica da razón como guía para a acción humana.
- Respecto a conciencia individual como instancia última de decisión moral.

- Valoración da liberdade como condición dunha conducta moral autónoma.

TEMA 4: Relativismo e historicismo

a. Conceptuais:

- O problema do etnocentrismo
- A polémica entre o racionalismo e o empirismo.
- A alternativa dogmatismo universalista/escepticismo relativista.
- O materialismo marxista.
- A temática da morte de Deus.
- O existencialismo.
- A intersubxetividade. A ética como comunicación.

b. Procedementais:

- Reconstrución reflexiva do proceso de xeración dalgunha norma ou valor actual e da súa reprodución, a partir de observacións da vida cotiá.
- Identificación en textos literarios antigos de valores actualmente en desuso.
- Análise dalgún medio de comunicación de masas moderno en canto axenté de socialización moral.
- Recoñecemento e identificación de actitudes etnocéntricas nos medios de comunicación.
- Recoñecemento e identificación de posibles actitudes etnocéntricas á hora de analizar e xulgar valores e normas de culturas alleas.
- Análise crítica, a partir de casos prácticos, dos factores que distorsionan a razón e dificultan a converxencia na solución dos conflitos.
- Utilización sistemática e reflexiva dos procedementos de discusión e diálogo argumentativo.
- Análise e lectura comprensiva de textos.
- Detección e identificación de enunciados descritivos e valorativos en diferentes discursos familiares ó alumno (tanto do ámbito académico como do extra-académico).
- Detección, a través da análise de diferentes discursos da sociedade actual, do carácter ideolóxico que adoita comportar a redución da racionalidade a unha dimensión simplemente científico-técnica.
- Análise de conflitos e dilemas morais presentes nas sociedades contemporáneas avaliando as posibles respostas dende perspectivas teleolóxicas e deontolóxicas.

c. Actitudinais:

- Valoración dos logros da racionalidade científico-técnica como medios e non como fins para emancipación individual e colectiva.

- Disposición a compatibilizar os intereses propios cos alleos mediante o diálogo sincero e aberto.
- Toma de conciencia do sentido da vida implícito en cada decisión moral.
- Sentir a necesidade de establece-os propios fins para levar una vida auténtica.
- Tomar conciencia das influencias sociais e culturais implícitas nas nosas valoracións.
- Actitude crítica fronte a acción conformadora dos diversos axentes de socialización moral.
- Tolerancia e respecto con relación á diversidade de códigos morais, crenzas e ideoloxías.
- Actitude crítica ante todo tipo de imposición moral etnocéntrica.

TEMA 5: Correntes éticas contemporáneas

a. Conceptuáis:

- O Emotivismo.
- O Utilitarismo.
- O Pragmatismo Americano.
- A Ética dos Valores.

b. Procedementais:

- Análise e lectura comprensiva de textos.
- Identificación das diferentes concepcións modernas e contemporáneas do ben moral en diversos produtos culturais (literatura, cine, medios de comunicación, etc.)
- Aplicación dos diversos criterios de clasificación das teorías éticas sobre frases, máximas, aforismos, etc. de carácter moral.

c. Actitudinais:

- Utilización sistemática e reflexiva dos procedementos de discusión e diálogo argumentativo.

TEMA 6: O iusnaturalismo.

a. Conceptuáis:

- Noción de "Dereito" e a búsqueda dunha fundamentación absoluta.
- A legalidade e a lexitimidade.
- A fundamentación iusnaturalista e tipos:
 - O iusnaturalismo trascendente de orixe divina.
 - O iusnaturalismo inmanente racionalista.

b. Procedementais:

- Aportación e análise de exemplos concretos nos que se poña de manifesto a distinción entre validez xurídica dunha lei e lexitimidade ética da mesma.
- Análise e caracterización, a partir de casos concretos, dos trazos diferenciáis entre normas morais e normas legais.
- Análise de situacións históricas concretas (nazismo, fascismo, etc.) nas que se evidencien as limitacións dos postulados positivistas radicais.

c. Actitudinais:

- Aprecio da seguridade xurídica como condición necesaria dunha orde social xusta.
- Sensibilidade ante toda manifestación de inxustiza e aprecio polo dereito xusto.

TEMA 7: O positivismo xurídico.

a. Conceptuáis:

- O positivismo e a lexitimación do dado.
- Tipos de positivismo:
 - Conceptual ou metodolóxico.
 - Ideolóxico.
- A fundamentación positivista contemporánea:
 - Formalismo.
 - Procedimentalismo.
 - Socioloxismo...
 - A eficacia e a súa relación co poder.

b. Procedementais:

- Lectura comprensiva de textos.
- Análise crítica, a partir de casos prácticos, dos factores que distorsionan a razón e dificultan a converxencia na solución dos conflitos.
- Análise de situacións históricas concretas (nazismo, fascismo, etc.) nas que se evidencien as limitacións dos postulados positivistas radicais.
- Aportación e análise de exemplos concretos nos que se poña de manifesto a distinción entre “validez xurídica” duna lei e “lexitimidade ética” da mesma.

c. Actitudinais:

- Fomentar actitudes de respecto ó sistema de legalidad como medio para resolver os conflitos sociais.
- Evita-la imposición dogmática dos principios morais.
- Fomenta-la actitude activa como medio de crear unha conciencia social.

TEMA 8: As concepcións do Estado

a. Conceptuáis:

- Concepto de "Estado".
- A concepción naturalista do Estado. Orixe divina del Estado.
- As teorías do Contrato social:
 - Hobbes: Contrato social e absolutismo.
 - Locke: O individualismo e o liberalismo político.
 - Montesquieu e a división de poderes.
 - Rousseau e a vontade xeral.
- O Estado Liberal.
- O Estado Social.
- A crisis do Estado do benestar.

b. Procedementais:

- Análise de textos das principais teorías sobre o Estado.
- Identificar as influencias das distintas concepcións do Estado na organización actual.

c. Actitudinais:

- Valora-los logros alcanzados polas sociedades democráticas nos derradeiros siglos.
- Asumi-las implicación da concepción do Estado como o servicio dos cidadáns.
- Preocuparse polos riscos do difícil equilibrio que supón o Estado entre a diversidade de intereses que se atopan nel.

TEMA 9: O Dereito

a. Conceptuáis:

- A insuficiencia da racionalidade moral: Debilidades cognitiva e motivacional da moral.
- Noción de dereito.
- A Norma xurídica. Tipos de Normas.
- As lexitimacións históricas do Dereito.
- As Fontes do Dereito.

b. Procedementais:

- Análise e lectura comprensiva de textos xurídicos: leis, decretos, regulamentos, etc.

- Análise de casos concretos de desobediencia civil dende a distinción entre a ética da responsabilidade e a ética de convicción..
- Análise e caracterización, a partir de casos concretos, das diferencias entre normas morais e normas legais

c. Actitudinais:

- Fomenta-lo interese polo coñecemento do Dereito como medio para acadar os obxetivos propostos.
- Aprecio da seguridade xurídica como condición necesaria dunha orde social xusta.
- Sensibilidade ante toda manifestación de inxustiza e aprecio polo dereito xusto.

TEMA 10: Os dereitos Humanos.

a. Conceptuáis:

- Orixe dos Dereitos Humanos.
- A evolución dos Dereitos Humanos (primeira e segunda xeración).
- Os Dereitos Humanos da terceira xeración.
 - Os dereitos difusos.
 - Os dereitos cotiáns.
- Problemas relativos ós Dereitos Humanos:
 - Concepto.
 - Fundamentación.
- Os Dereitos Fundamentais na Constitución española.

b. Procedimentáis:

- Análise da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e identificación dos principios éticos básicos nos que se fundamenta.
- Análise histórica das conexións existentes entre as diversas formulacións precursoras dos dereitos humanos e as súas circunstancias históricas.
- Realización dun dossier informativo sobre a situación actual dos dereitos humanos en diferentes países, analizando a súa vinculación coas circunstancias sociais, económicas e políticas dos mesmos.

c. Actitudináis:

- Valoración e asunción do carácter universalista dos dereitos humanos.
- Asunción da necesidade duna democratización e fortalecemento das organización internacionais de ámbito mundial como a U.N.U.
- Sensibilidade e actitude de solidariedade e compromiso respecto a situación de violación dos dereitos humanos.

TEMA 11: A democracia.

a. Conceptuáis:

- Noción de Democracia.
- Clases de Democracia.
- Formas de participación política.
- Ley D'hont.
- Características da Democracia.
- Valores da Democracia.
- A realidade: Problemática da Democracia.

b. Procedimentáis:

- Comparación, a través da análise de casos reais, de sociedades constituídas como Estados democráticos de dereito con outras que non o están, identificando e caracterizando os trazos diferenciais.
- Debate sobre a diferenza entre a democracia ideal e a democracia real.
- Análise dalgúns dos problemas que plantexa a organización democrática con especial atención o tema das minorías.
- Elaboración de propostas concretas para profundizar e estende-la democracia.
- Traballar co programa informático "Descartes" para analizar as consecuencias do sistema electoral baseado na ley D'Hont

c. Actitudináis:

- Valoración do Estado democrático de dereito en canto marco formal para a realización dos ideais éticos de liberdade, igualdade e solidariedade.
- Fomenta-lo talante democrático.
- Fomentar o inconformismo cos problemas actuais que prantexa a democracia e a análise dos mesmos para buscar posibles solucións.
- Fomenta-lo interese pola política e pola participación política como medio para mellorar a sociedade.

TEMA 12: Problemas éticos actuais.

a. Conceptuáis:

- A doutrina da no-violencia:
 - O Belicismo.
 - A doutrina da guerra xusta.
 - O Pacifismo:
 - O pacifismo pasivo (Económico, político, social).
 - O pacifismo activo (Instrumental, Institucional, Finalista).

- A ética medioambiental:
 - Conceptos de "sistema" e "totalidade".
 - A crítica da escola de Frankfurt á sociedade industrializada.
 - Ecoloxismo.
 - Noción de desenvolvemento sostido.

 - Discriminación social:
 - racismo.
 - A xenofobia.
 - A discriminación sexual.
 - A educación para a Saúde.
 - A educación Vial.
 - A globalización.
- b. Procedimentáis:**
- Elexir algún dos problemas éticos máis importantes da actualidade mundial e facer un dossier informativo sobre o mesmo.
 - Seleccionar a analizar casos que poñan en evidencia as consecuencias nefastas da imposición de intereses particulares sobre os intereses xerais e proponer solucións.
 - Analizar a incidencia do consumismo nos problemas éticos tratados.
- c. Actitudináis:**
- Disposición a compatibilizar os intereses propios cos alleos desde unha postura de racionalidade moral universalizadora.
 - Entender as consecuencias que as actitudes individuais da vida cotiá teñen para o colectivo e procurar mellorar os propios comportamentos.
 - Fomenta-lo interese polos problemas actuais.

CONTIDOS MÍNIMOS

Ó finaliza-lo curso os alumnos/as deberán acadar una comprensión clara das seguintes cuestións:

- A diferenza entre Ética y Moral.
- Os conceptos de Norma e Valor.
- A diferenza entre o "ser" e o "deber ser".
- concepto de determinismo e as distintas concepcións deterministas: O determinismo físico, biológico, psicológico, educacional, fatalista e relixioso.
- concepto de indeterminismo e a comprensión dos argumentos indeterministas: psicológico, ético-jurídico, metafísico.
- problema da liberdade. A diferenza entre "liberdade de" e "liberdade para", así como a diferenza entre "liberdade de facer" e "liberdade de ser".
- Ben e a súa relación coa finalidade. As concepciones teleológicas mais importantes.
- A diferenza entre Physis e Nomos, así como a diferenza entre necesidade e convención.
- A concepción intelectualista da ética e o seu inicio no intelectualismo moral socrático.
- Outras variante do intelectualismo moral:
 - O concepto de culpa en Platón.
 - A noción de vontade en Aristóteles.
- A distinción entre razón teórica e razón práctica
- As consecuencias da independencia entre o coñecemento e a decisión moral. As éticas deontolóxicas.
- Diferenciación entre "explicación" e "xustificación".
- A distinción entre éticas formales e éticas materiais.
- As nocións de autonomía e heteronomía moral.
- proceso histórico a través do cal se produce a emancipación da autoridade e se reduce a ética ó ámbito privado.
- Os aspectos máis importantes da polémica entre o racionalismo e o empirismo.
- A insuficiencia da alternativa dogmatismo universalista /escepticismo relativista.
- As seguintes teorías éticas modernas e contemporáneas:
 - Materialismo marxista.
 - A temática da morte de Dios.
 - O existencialismo.
 - A intersubjetividade e a concepción da ética como comunicación.
 - Emotivismo.
 - Utilitarismo.
 - Pragmatismo americano.
 - A Ética de os Valores.
- A noción de "Dereito" e a necesidade dunha fundamentación do mesmo.

- A fundamentación iusnaturalista do Dereito:
- A distinción entre o iusnaturalismo trascendente de orixe divino e o iusnaturalismo inmanente racionalista.
- positivismo e a lexitimación do dado como consecuencia do mesmo.
- Os distintos tipos xerais de positivismo: O positivismo conceptual ou metodolóxico e o positivismo ideolóxico.
- As distintas fundamentacións positivistas contemporáneas: O Formalismo, o Procedimentalismo e o Sociologismo.
- A diferenza entre a ética da responsabilidade e a ética da convicción.
- A noción de eficacia e a súa relación co poder.
- concepto de "Estado".
- A concepción naturalista do Estado e a fundamentación do mesmo pola súa orixe divina.
- As teorías do Contrato social:
 - Hobbes: O contrato social e a fundamentación do absolutismo.
 - Locke: O individualismo e o liberalismo político.
 - Montesquieu e a división de poderes.
 - Rousseau e a vontade xeral.
- Estado Liberal.
- Estado Social.
- A crisis do Estado do benestar.
- A Norma xurídica e os distintos tipos de Normas.
- As Fontes do Dereito.
- concepto de Dereitos Humanos.
- A orixe dos Dereitos Humanos.
- A evolución dos Dereitos Humanos (primeira e segunda xeración).
- Os Dereitos Humanos da terceira xeración: Os Dereitos difusos e os Dereitos cotiáns.
- A fundamentación dos Dereitos Humanos.
- Os Dereitos Fundamentais na Constitución española.
- Noción de Democracia.
- Clases de Democracia.
- Formas de participación política nun estado democrático.
- Características da Democracia.
- sistema electoral baseado na ley D'Hont.
- Valores da Democracia.
- Os problemas da Democracia.

Asimesmo deberán poder aplicar os conceptos anteriores para expresar e radactar correctamente ó análise das seguintes cuestións características da fiosofía moral:

- A doutrina da non-violencia:
 - Belicismo.
 - A Doutrina da guerra xusta.
 - Pacifismo:
 - Pacifismo Pasivo (Económico, político, social).
 - Pacifismo Activo (Instrumental, Institucional, Finalista).

- A ética medioambiental:
 - Conceptos de "sistema" y "totalidad".
 - A crítica da escola de Frankfurt á sociedade industrializada.
 - ecoloxismo.
 - Noción de desenvolvemento sostido.
- A problemática da discriminación social:
 - racismo.
 - A xenofobia.
 - A discriminación sexual.
- A Educación para a Saúde.
- A Educación Vial.
- A Globalización.

